

Francisco Vello Vello (ASAJA) 28/01/2014

<https://www.youtube.com/watch?v=tkhVygggn7uc>

Resumo:

O borrador é francamente mellorable, a figura a protexer no rural son os seus habitantes e as actividades que estes desenrolan

Argumentos:

Lamentamos que o texto non fora presentado no último pleno do consello agrario galego, para poder aportar suxestións

O texto proposto pode dificultar as actividades e fixación de poboación no medio rural e limitar os usos dos solos. Bótase en falla un capítulo previo de definicións, indicar o que o lexislador entende por "pequenos talleres", "vivendas tradicionais", "naves industriais", etc.

En canto ó articulado do borrador: no artigo 9 debería incluírse o noso colectivo (asociacións provinciais agrarias) no xurado de expropiación. Art.20.3.a a liña perimetral que encerra as edificacións de asentamento delimitando o núcleo, débese deseñar en función da conformación do mesmo podendo variar entre os 50 e os 200m, non deixalo solo circunscrito ós 50 metros. Art.21.5.d (réxime de solo) a cesión obrigatoria e gratuita do 10% do solo semella excesiva. Art.22.4. Debense permitir as melloras necesarias que garantan as condicións de vida axeitadas aínda que supoñan alteracións no volumen ou na tipoloxía orixinaria. Art.23.1.b un almacén de maquinaria agrícola, gandeira ou unha adega, etc. son naves industriais?, ó noso xuízo e ó da CMR poden ser industrias agrarias, polo tanto deberían poder asentarse nos núcleos rurais, segundo o artigo están prohibidas. Art.23.1.c ¿que se considera un movemento de terra agresivo?

Art.23.1.d. a lei debe permitir a apertura de pistas, rúas ou camiños, así como ampliar os existentes aínda que iso conleve ó derribo de muros, por suposto baixo a supervisión da autoridade municipal. Art.23.2.b. os novos tendidos aéreos haberá que soterralos pero non prohibilos. Art.23.2.c. Débense permitir as actuacións integrais de reparcelamento (a CMR está a tramitar a METAGA que precisamente pretende corregir o erro dos reparcelamentos en núcleo rural). Art.29.1.a. Débense permitir os movementos de terras. Art 29.2.a. ¿A utilización dos recursos naturais comprende os usos enerxéticos?, entendese que se deberían permitir as instalacións de enerxías renovables. Art.29.2.d. sobra, é redundante prohibir o uso prohibido. Art.31.h, esta lei que se menciona no artigo limita usos e actividades nas franxas de protección de elementos patrimoniais dunha dimensión excesiva e baseada en criterios aleatorios e subxectivos na maioría dos casos, a nova lei do solo debería reducir e limitar o radio de protección dos elementos patrimoniais, xa que en moitos casos impiden o normal desenvolvemento de usos e actividades.

Art.33.1. Rexeitase categoricamente que sexa necesaria a autorización autonómica para a construción dunha vivenda vinculada á explotación, así coma para as actividades de primeira transformación, mentras que para que a instalación dunha gasoleira nese solo sexa suficiente a autorización municipal. Art.36. Na era dixital seguro que se poden acadar fórmulas que axilicen os procesos de autorización co fin de acortar os prazos previstos.

Art.37.1.c. no referido a porcentaxe de ocupación e a súa excepción para as explotacións agrogandeiras debe permitirse ata o 60% en novas construcións e ata o 80% en ampliacións das xa existentes; no caso de invernadoiros e instalacións non permanentes deberíanse autorizar ocupacións do 100% da parcela. É insuficiente a altura máxima de 3.50 m e mesmo incumpe normas e recomendacións sobre o benestar animal para moitas das construcións aquí descritas. Considéranse excesivos tantos requisitos estéticos; débese definir que significa "manter o estado natural dos terreos" xa que isto pode ir en contra da lei de prevención de incendios e en todo caso invade competencias doutras consellerías (¿mantelos abandonados?).

Art.38.a, ¿se o solicitante é un mozo que se vai incorporar a actividade agraria como acredita estar ligado a unha explotación si esta aínda se vai crear?. Art.38.c.A superficie ocupada pola edificación debe aumentarse ata ó menos o 20% da parcela, ou aplicar diferentes grados en función da superficie da parcela. Art.106. e preciso que a lei contemple e facilite o sistema de parcelamento e reorganización da propiedade previstos na METAGA. Art.147.f e147.i, enténdese que non é necesaria a licenza para estes supostos tanto de reparcelación como segregacións. Art.155 débese suprimir na súa totalidade por intromisión, desprezo e vulneración da propiedade privada e dereitos as liberdades individuais das persoas. Art.159.2, rexeitase a necesidade de licenza municipal para estes casos xa que non engade garantías adicionais e parece responder a un mero afán recaudatorio.

Falta un deseño do modelo produtivo (é moi complexo)